I CONCURSO DE REDACCIÓNS

SOBRE

A FROITA DO EUME E A FESTA DAS PERAS

A AGFA do Eume, co obxecto de achegar aos máis novos o coñecemento sobre a froita autóctona e fomentar o consumo da mesma, convoca este I Concurso de redaccións.
O Concurso rexerase polas seguintes

BASES

I. Poderán participar todos os escolares de ensino primario matriculados en Centros de Ensino da Comarca do Eume.
Establécense dúas categorías:
Categoría A: na que poden participar **rapaces de 6 a 8 anos**.
Categoría B: na que poden participar **rapaces de 9 a 12 anos**.

II. As redaccións versarán sobre aspectos relacionados coa horta e, máis concretamente, cos froitos do país e as súas variedades, podendo orientarse ás modalidades de relato breve, ensaio, descrición, etc.

III. Os traballos serán individuais e a súa extensión non excederá o folio por unha cara, manuscrito ou mecanoscrito. O texto irá acompañado dun sobre co enderezo completo do autor/a, idade, colexio no que está matriculado, curso, e teléfono de contacto.

IV. **Os traballos entregaranse antes do día 8 de setembro** na Casa da Xuventude, na Biblioteca Pública, enviándoa por correo certificado a AGFA do Eume, LG. As Pedridas 18 , Campolongo, 15614 – Pontedeume, ou ben a calquera dos membros da Directiva da AGFA do Eume.
Mais información: info@agfadoeume.org

V. O fallo darase a coñecer publicamente nos actos da xornada das Festas das Peras dedicada á froita da comarca.
A entrega de premios será na Casa da Xuventude, o día 9 de setembro, as 11:30 horas.
É obrigatorio a asistencia dos premiados ó acto de entrega .

VI. Concederanse os seguintes premios
Categoría A: un premio de 100 euros en libros e material escolar
Categoría B: un premio de 150 euros en libros e material escolar

VII. O Xurado estará integrado por membros da propia AGFA do Eume e profesionais do ensino. O Xurado poderá declarar deserto –se os traballos non se ateñen aos criterios requiridos- calquera dos premios anteriores.

VIII. Corresponde ao propio Xurado a interpretación destas Bases.

IX. AGFA do Eume resérvase a posibilidade de publicar os traballos premiados no momento e lugar que o considere conveniente.

ASOCIACIÓN GALEGA DA FROITA AUTÓCTONA DO EUME

AGFA do Eume

DEPUTACION DA CORUÑA
www.dicoruna.es

XUNTA DE GALICIA · CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR · DELEGACIÓN PROVINCIAL · CASA DA XUVENTUDE DE PONTEDEUME · A CORUÑA